



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**ASISTENTES:**

Alba Castro, José Luís  
Arias Acuña, Alberto Marcos  
Bajo Palacio, Ignacio  
Baltrusch, Burghard  
Basalo Domínguez, David  
Bergantiño Cid, Gustavo  
Blanco Losada, Iago  
Blanco Sierra, Javier  
Bravo Bernárdex, Jorge  
Carballo González, M<sup>a</sup> De Los Ángeles  
Carballo Rial, Rosa  
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Conde Casas, Sofía  
Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Costa González, Alicia  
Cristobal Ortega, M<sup>a</sup> Julia  
Cuevas Alonso, Miguel  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
De Lorenzo Rodríguez, Editra  
De Oca Cancela, Guillermo  
Expósito González, Benedicta  
Fariña Rodríguez, José  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Fustes, M<sup>a</sup> Dolores  
Fernández Iglesias, Manuel José  
Fernández Jauregui, Manuel  
Fernández Manin, Generosa  
Fernández Pintelos, María José  
Fernández Souto, Ana Belén  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
Ferro Soto, Carlos  
Ferro Soto, Carlos  
Fraiz Brea, José Antonio  
Gándara Pérez, José Antonio  
García Bugarín, Mercedes  
García Estévez, José Manuel  
García González, Marta  
García González, Silvia  
García Sánchez, Manuel  
García Señorán, M<sup>a</sup> Del Mar  
García Soidán, José Luís  
Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>  
González Santamaría, Pedro  
Graña Rodríguez, Ana María  
Gutiérrez Sánchez, Águeda  
Iglesias Blanco, Raúl  
Lantarón Caeiro, Eva M<sup>a</sup>  
López Lago, Marcos  
López Rubianes, Lucrecia M<sup>a</sup>  
Macías Cambra, Henrique  
Mandado Vázquez, Alfonso  
Mato De La Iglesia, Salustiano  
Mejuto Fernández, Juan Carlos  
Mollinedo Lois, Carlos  
Pardo Froján, Juan E.  
Patiño Vilas, David  
Pato Rodríguez Santiago Eduardo  
Paz Penín, Concepción  
Pena Urís, Gloria M.  
Peña Gallego, Ángeles  
Pérez Cota, Manuel  
Pérez Gómez, Luís  
Pérez Juste, Ignacio  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Pino García, Antonio  
Pita Grandal, Ana María  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Posada González, David  
Prieto Jiménez, Inmaculada  
Quintáns Graña, Camilo  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rey Losada, Francisco Jesús  
Rivera González, Paula  
Rodríguez De Prado, Francisco  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 13 de decembro de dous mil dezasete, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda no paraninfo da Reitoría do Campus de Vigo.

Ás 10:45 h do día **13 de decembro de 2017** deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 12 de decembro de 2016.
2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 60.a dos Estatutos da Universidade de Vigo.
3. Informe sobre as Liñas xerais de política orzamentaria-2018.
4. Informe do presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2016.
5. Elección dos seguintes representantes no Consello de Goberno:
  - a. Sector Dec/Dir: 3
6. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:
  - a. Sector PDI-B: 1
7. Elección dos seguintes representantes na Comisión Electoral:
  - a. Sector alumnado: 1
8. Elección dos seguintes representantes na Comisión de Plans Estratéxicos:
  - a. Sector PDI-A: 1
  - b. Sector Alumnado: 2
9. Rogos e preguntas.

Antes do inicio da sesión, reúnen os membros da Mesa do Claustro, acordando a duración das intervencións: 5 minutos na primeira rolda e 3 minutos na quenda de réplica. De acordo co establecido no artigo 16 do Regulamento do Claustro, procedeuse a sortear a letra para as intervencións, sendo o resultado a letra "P".

Rodríguez Vázquez, Rosalía  
Rodríguez Vázquez, Virgilio  
Sánchez Moreiras, Adela M.  
Santalla Del Río, Verónica  
Santos Reyes, Valentín  
Siota Álvarez, Mónica  
Tugores Martorell, Francisco  
Vallejo Pousada, Rafael  
Vázquez Otero, Elsa

**DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:**

Alonso Vega, Flora  
Arias González, Felipe  
Barreiro Alonso, Enrique  
Bueno Alonso, Jorge Luis  
Castro Cerceda, María Luisa  
Cid Rodríguez, Tania  
Couñago Méndez, Práxedes  
Diéguez Quintas, José Luis  
Fdez-Riverola, Florentino  
García-Pintos Escuder, Adela  
Gómez Rodríguez, Alma  
González Cerdeira, Julia  
González Jorge, Higinio  
Iglesias Briones, María Jesús  
Llamas Nistal, Martín  
López Pérez, Luis  
López Riveiro, Fernando  
Loveira Pazó, Rosa  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Moldes Pita, Óscar  
Nóvoa Fernández, Yolanda  
Nóvoa, José Ramón  
Paradela Mouttet, Loreto  
Pou Saracho, Juan  
Quintás Corredoira, María  
Ramallo Fernández, Fernando  
Rey García, Daniel  
Rodríguez Barcia, Susana  
Rodríguez Pato, María del Carmen  
Silva, María del Pilar  
Vázquez Dorrío, José Benito  
Vázquez, Xosé H.

O reitor dá a benvida aos membros do Claustro, e expresa o fondo pesar da Universidade polo recente pasamento do profesor Manuel Moldes.

A continuación, dá lectura aos nomes dos que xustifican a súa ausencia, e que figuran na marxe desta acta, e explica que na orde do día existen catro puntos de elección de representantes, pero non será necesario realizar as votacións, xa que ou ben non se teñen presentado candidaturas ou ben, o número de candidatos e candidatas coincide co de vacantes a cubrir.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 12 de decembro de 2016.**

Indica o reitor que foi realizada unha corrección dun erro na data e non se recibiron alegacións á acta. Non se realizan alegacións por parte dos membros presentes, polo que apróbase por asentimento.

**2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 60.a dos Estatutos da Universidade de Vigo.**

Explica o reitor que no Claustro de decembro, en cumprimento do artigo 60 dos Estatutos, o informe do reitor da conta das actuacións acometidas nas diferentes áreas polo equipo de goberno e engade que esta información detállase polo miúdo na memoria do curso que publica a Secretaría Xeral. Engade que neste ano, que coincide co final da lexislatura do reitor, realizará un balanço dos case oito anos de goberno, resumindo os fitos acadados e os desenvolvementos levados a cabo neste difícil período.

Período no que as universidades tiveron que lidar con tres circunstancias que, por separado suporían unha proba, pero que ao coincidir no tempo puxeron ao sistema público nunha conxuntura extraordinariamente difícil. Por unha parte a instauración do plan Bolonia e a integración no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), que esixiu un enorme esforzo de adaptación a custe cero. Este proceso coincidiu cos anos mais duros dunha crise económica que supuxo unha diminución continua da porcentaxe do PIB dedicado ás universidades públicas. Por último, a política desenvolvida polo PP dende novembro de 2011 que, encargou ao seu ministro de Educación, Cultura e Deporte, José Ignacio Wert, iniciar a reforma educativa en España. Dunha banda, no ensino básico, aprobando a polémica LOMCE, que puxo patas para arriba á comunidade educativa polos cambios que introducía nos estudos de Primaria, ESO e Bacharelato, que aínda se está intentando botar totalmente abaixo. E no ensino universitario, alegando que era insostible, aprobando o Real Decreto Lei 14/2012 de Medidas Urxentes de Racionalización do gasto público no ámbito educativo que, ademais de provocar un incremento das taxas para os estudantes na meirande parte das universidades (que en Galicia conseguimos atallar) supuxo a imposición dunha severísima limitación á nova incorporación de persoal, a través da taxa de reposición de efectivos. Esta lei veu complementarse coa aprobación en 2015 do real decreto coñecido como “decreto 3+2” que grazas á acción política da CRUE conseguise neutralizar. E, finalmente en maio de 2015 aprobouse o Real Decreto 420/2015, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios, que flexibiliza os requisitos para a creación de novas universidades, de xeito que pasouse de 13 universidades privadas en España (ano 1997) ás 34 que existen na actualidade. E cómpre salientar

que mentres que nas universidades públicas se produciu neste período unha diminución do número de estudantes superior ao 7,2%, as universidades privadas experimentaron un crecemento do 21.1%. Subliña o reitor que estas políticas fomentaron a desigualdade social máis aló da crise económica e prexudicaron o desenvolvemento do noso traballo no sistema público universitario. Resumindo, en todo este período a universidade pública está sendo prexudicada por estas actuacións das administracións: as taxas de reposición de persoal, que danaron a rexeneración natural dos grupos de investigación e do persoal no seu conxunto; o importante descenso de fondos nas convocatorias de I+D+i, que prexudicaron a capacidade competitiva; o descenso das achegas para bolsas de estudantes, que prexudicaron o acceso aos estudos superiores nas familias con menos recursos e por último, as sucesivas reducións e conxelacións salariais, agravadas no caso galego por canto, sendo maiores que as estatais, foron aplicadas sobre aqueles que tiñan complementos por méritos académicos sendo, polo tanto, máis inxustas. Nese contexto, desenvolveuse a labor de goberno dos equipos que dende 2010 dirixen a nosa Universidade, e de cuxa actuación o reitor pasa a dar conta, comezando pola Política Económica.

Política Económica.- Nesta situación, unha das prioridades básicas ten sido protexer á institución e á comunidade universitaria das consecuencias da crise económica. A necesidade de manter o servizo público da educación superior nas súas funcións (docencia, investigación e transferencia á sociedade), e de mantelo nas mellores condicións de calidade e de igualdade de oportunidades, era o obxectivo fundamental. En consecuencia, concentrouse o esforzo de xestión na procura dunha xestión económica eficiente da nosa Universidade, que permitira que a súa actuación non agravara os efectos da crise, senón que, pola contra, se convertera en mecanismo de compensación. As principais medidas, neste sentido, foron as seguintes:

a) O plan de sustentabilidade. Cando o equipo reitoral se incorpora no ano 2010, os efectos dos recortes orzamentarios das administracións central e autonómica deixaran en déficit elevado a liquidación orzamentaria da nosa institución. O conxunto de normas aprobadas para a redución dos déficits das diferentes administracións conducían a dous escenarios: O primeiro suporía a perda de autonomía financeira e a obriga de presentar plans de axuste agresivos sobre o gasto, nomeadamente sobre o gasto de persoal. E o segundo, de ser quen de reducir o déficit e de cadrar ingresos e gastos, permitiría unha maior autonomía de decisión e evitaría a obriga de presentar un plan de axuste alternativo, en liña co comentado anteriormente.

Ante esta situación, a Universidade de Vigo deseñou un plan propio de sustentabilidade financeira, que se baseou, fundamentalmente, en dous piares: O primeiro, foi a compensación da perda de ingresos de procedencia estatal e autonómica por medio da captación de fondos externos fundamentalmente comunitarios. A maior efectividade de captación de recursos, especialmente de I+D+i, permitía manter a contratación de investigadores e a capacidade competitiva da institución. Lembra o reitor que, na actualidade, a captación de fondos por resultados está por enriba do 40%, mentres que outras universidades están intervidas. O segundo, foi a redución do gasto, especialmente do gasto corrente, por medio dunha maior eficiencia baseada na redución de subcontratación, na centralización de gasto e en políticas diversas de aforro.

O resultado destas dúas actuacións, combinadas, permitiu que no ano 2012 os ingresos correntes superaran aos gastos correntes, mantendo dende aquela ata este exercicio unha senda de estabilidade orzamentaria, sen débedas bancarias e sen déficit. Isto permitiu encaixar a caída das transferencias protexendo ao noso principal recurso, o capital humano. Para comprender o alcance das medidas, sinala o reitor que entre os anos 2009 e 2013, o capítulo II de gasto corrente acumulou unha rebaixa do 15,76%, o capítulo I de gastos de persoal experimentou inicialmente unha baixa porcentual do 1,53%, por mor da baixada salarial dos empregados públicos, pero que posteriormente se incrementou, como exporá a continuación o vicerreitor, sendo a universidade do SUG que máis incrementa este capítulo. E, salienta o reitor, outro aspecto ao que se lle prestou especial importancia que é o capítulo IV de transferencias correntes (bolsas de estudantes, de profesorado...) tivo un aumento do 16,45%. O que permitiu a posta en marcha das bolsas para situacións económicas sobrevidas, e o mantemento das achegas aos programas propios de bolsas de estudantes.

b) O segundo elemento da política económica, prosegue o reitor, supuxo cambios no organigrama da institución. Unha parte da mellora procurada na eficiencia tivo o seu éxito nun conxunto de modificacións do organigrama universitario. A primeira modificación foi a da propia estrutura do equipo reitoral, concentrando funcións e reducindo cargos académicos. A nova estrutura de xerencia, creada a partir de 2010, supuxo unha redución moi relevante dos efectivos e do gasto da estrutura de xerencia, que quedou tan só con dous vicexerentes. Do mesmo xeito, o modelo de xestión das obras e mantemento de infraestruturas foi tamén modificado. A centralización e profesionalización neste campo, así como o establecemento de criterios de transparencia na prioridade das obras a realizar, permitiron unha redución importante do gasto da Unidade.

c) Contratos programa e financiamento de Escolas e Facultades. Nun contexto restritivo de recursos coma o descrito anteriormente, os aforros acadados pola eficiencia foron empregados en medidas que supuxeran a súa vez un compromiso conxunto por un mellor desempeño da comunidade universitaria. Un caso singular e destacable da política económica o constitúe o establecemento dos contratos programa e o financiamento das Escolas e Facultades. Sobre a base do financiamento de partida de cada un, ofreceuse un contrato voluntario aos centros para que, por medio da evolución favorable dun conxunto de indicadores, puideran ver aumentados os seus orzamentos. Os resultados foron favorables, para case o 100% dos centros e anos de aplicación, verificándose unha mellora no desempeño do conxunto da institución

Unha segunda medida relevante para os Centros, ademais dos contratos programa, foi a aprobación dun sistema de financiamento que obxectiviza as achegas para os seus orzamentos, baseándose en criterios estruturais (fundamentalmente o número de créditos matriculados) e en indicadores de resultados. Deste xeito, o financiamento pasa a ser obxectivo e público para o conxunto da comunidade universitaria.

d) Desenvolvemento e mellora de ferramentas de xestión: Para lograr un funcionamento eficiente da Universidade, non abundan as políticas económicas, senón que deben ser apoiadas con ferramentas que faciliten a operatividade da mesma. De todas elas, o reitor destaca fundamentalmente:

1) A Fundación Universidade de Vigo (FUVI), constituída anos antes, desenvolveuse organizativa e economicamente ao longo do mandato, na intención de poñer en marcha actividades que achegan valor para a comunidade universitaria e, singularmente, para os estudantes. Dende a FUVI foise ampliando a acción no ámbito da empregabilidade, cos programas de prácticas extracurriculares, así como a do Centro de Linguas, na capacitación lingüística. Sirve tamén para a aplicación dalgúns convenios ou convocatorias nos que a figura xurídica da Fundación facilita a súa implementación.

2) Contabilidade Analítica. Dentro dos estándares de xestión, a posta en marcha dunha Contabilidade Analítica ou de Custos da Universidade era outro dos capítulos pendentes. Ao longo do mandato desenvolveuse o modelo e a personalización para a nosa institución do programa CANOA, de acordo coa Intervención Xeral do Estado. Como resultado, o Servizo de Contabilidade realizou unha primeira versión cos datos do ano 2014 (en modo de proba), para traballar actualmente cunha primeira contabilidade formal, con base no curso 2015-2016.

3) Creación dos sistemas de información para a xestión interna. Entre as novas demandas de xestión das universidades, unha delas é a necesidade crecente de desenvolver sistemas de información, tanto por causas internas como externas. Internamente, dispoñer de información o máis completa posible para a toma de decisións e para a asignación de recursos de forma obxectiva, garante maior a xustiza na distribución. Por todo isto, a Universidade foi desenvolvendo un sistema propio de información, centralizando a súa elaboración na Unidade de Análise e Programas. A partir dun depósito común de información, vanse atendendo as demandas de información internas e externas.

Políticas transversais. Despois de esquematizar os aspectos económicos, o reitor pasa a dar conta de catro liñas de actuación que, aínda que poden ser promovidas dende vicerreitorías ou áreas concretas, en realidade esténdense a toda a Universidade, polo seu carácter transversal:

a) Responsabilidade social universitaria RSU. Un dos estándares de xestión pendentes de aplicar con anterioridade na nosa Universidade eran os relativos á responsabilidade social universitaria, que se ten incorporado á Universidade de Vigo como peza central da modernización imprescindible para a sustentabilidade económica, social, cultural e ambiental.

A primeira medida, neste sentido, foi a redacción dunha memoria anual de RSU seguindo os estándares do Pacto Mundial, ao que a propia Universidade de Vigo se acolleu formalmente. A memoria recolle a relación que temos cos nosos grupos de interese, así como o resumo da actividade anual en campos de especial compromiso, coma as políticas de igualdade, atención á discapacidade, o medio ambiente e a sostibilidade, o respecto á diversidade ou a política lingüística, entre outros.

En segundo lugar, creouse un apartado dentro da web da Universidade, que recolle especificamente toda a información relacionada coa RSU. A seguir, dende o ano 2016, comezou a realización dun boletín mensual dende a Unidade de Análise e Programas, empregando a información do DUVI en accións de RSU.

b) Política de igualdade. Constitúe unha das liñas de actuación que debe impregnar toda a vida universitaria, por ese motivo, no organigrama da Universidade de Vigo, a Área de Igualdade depende directamente do reitor, para plasmar esa vontade. Subliña o reitor, a especial necesidade de traballo nesta liña porque estamos vivindo proceso de clara involución no mundo actual.

Entre as actuacións neste ámbito, destaca a aprobación, en xuño de 2011 do Regulamento da Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo que, presidida polo reitor e con representación de toda a comunidade universitaria, tiña por encargo realizar as propostas de políticas de igualdade de xénero para a institución e facer o seguimento da súa execución. Así, en 2012 foi aprobado o primeiro Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo cuxo informe de avaliación axudou a detectar as necesidades das que segue adocendo a organización para acadar unha igualdade efectiva. En base a esta análise elaborouse o segundo plan de igualdade, actualmente vixente, que consta de 84 accións e ten como obxectivo prioritario naturalizar o principio de transversalización de xénero en toda a actividade universitaria cun carácter transformador da institución, para que sexa máis igualitaria.

Así mesmo, a Universidade de Vigo comprometeuse coa tolerancia cero nas situacións de acoso sexual e por razón de sexo, aprobando en 2014 o seu protocolo marco de actuación para a prevención e sanción deste tipo de acoso no que non só se establece un procedemento de atención ás vítimas senón que se recollen medidas de sensibilización para detectar e previr o acoso sexual ou por razón de sexo.

Por outro lado, a convocatoria anual de axudas para a organización de actividades docentes con perspectiva de xénero, converteuse nunha ferramenta eficaz para formar ao alumnado en asuntos tan prioritarios para o seu desenvolvemento persoal e profesional como o respecto aos dereitos de todas as persoas calquera que sexa a súa orientación sexual ou identidade de xénero, a visibilización das achegas das mulleres, as relacións afectivas igualitarias, a introdución da perspectiva de xénero na súa actividade académica e investigadora ou o recoñecemento da desigualdade existente para as mulleres e a necesidade de converterse en axentes de cambio para acadar sociedades máis xustas e democráticas.

c) Política Lingüística. Do mesmo xeito, tamén seguindo unha orientación transversal plasmada na dependencia directa do reitor, desenvolveuse a política lingüística da Universidade. Para realizar unha eficaz defensa da nosa lingua, levouse a cabo a profesionalización da área de Normalización Lingüística, encargada de promover e darlle soporte técnico ao proceso de extensión do uso da lingua galega no ámbito docente, investigador, administrativo e de servizos.

d) Política de transparencia. Tal vez unha das maiores demandas sociais aos xestores públicos nestes últimos anos é a demanda de transparencia na información e na xestión, singularmente na xestión económica. Como resultado desa presión social, as administracións estatal e autonómica aprobaron sendas leis de transparencia e bo goberno. A Universidade de Vigo, adiantándose en termos xerais ao cumprimento da lei, foi desenvolvemento estándares propios de rendemento de contas e de xestión. Estes

estándares, sobre todo no que respecta á xestión económica dos seus recursos, ofrecen de lonxe niveis de información moi superiores aos esixidos na lexislación.

O principal instrumento desta liña de actuación é o Portal de transparencia. Este campo da páxina web da institución, que naceu orixinarmente co nome de “A universidade en cifras”, foi ampliando os niveis de información e as posibilidades de emprego desta, procurando política de goberno aberto e datos abertos, que permiten a optimización do seu uso para as persoas que acceden a eles.

A aprobación do Regulamento de Transparencia e Acceso á información pública da Universidade de Vigo na sesión do Consello de Goberno de outubro do presente ano, consolida esta liña de aumento da transparencia da actividade pública a través das obrigas de: publicidade activa, acceso á información pública a toda a cidadanía e garantía do cumprimento das leis estatais e autonómicas en relación á altos cargos e aos principios de bo goberno na Universidade de Vigo.

Por todo elo, non é casual que, nas últimas edicións do ranking de transparencia das universidades españolas elaborado pola Fundación Compromiso e Transparencia, a nosa Universidade ocupe sempre un lugar entre as universidades máis transparentes. Máis concretamente, no informe do ano 2017 está situada no segundo lugar compartido, a un só punto da universidade coa mellor cualificación.

Posicionamento da Universidade: destaca o reitor a importancia dada a este aspecto dende o comezo do mandato. Hoxe en día non é suficiente que a Universidade funcione ben, mesmo moi ben, se non é quen de visibilizarse e posicionarse en relación coas outras universidades, e tamén de establecer vínculos de colaboración entre elas e distintos organismos e institucións, traballando en redes que permitan acadar obxectivos cada vez máis amplos. E apunta o reitor os seguintes aspectos:

1) Ránkings universitarios. Ao longo dos últimos anos, diante un panorama de competición entre centros, popularizáronse as comparativas ou ránkings universitarios. Con independencia dos diferentes criterios empregados, o seu impacto social pasou a ser innegable para a reputación académica. Estar nos ránkings, e estar nunha boa posición, é un factor de recoñecemento social e de atracción de investigadores e estudantes.

Ao longo destes oito anos, a nosa Universidade puxo en marcha os mecanismos de relación cos responsables de editar os principais ránkings do Mundo para participar nos procesos de cálculo de méritos, en especial de carácter bibliométrico, así como facilitar información adicional doutra tipoloxía que requiren varios deles, poñendo en valor o traballo de toda a comunidade universitaria.

O resultado deste proceso foi a entrada da Universidade de Vigo nos principais ránkings do Mundo: no ARWU ou ránkings de Shanghai, no que estamos presentes en varios campos de coñecemento; no Times Higher Education, no que ademais de por campos de coñecemento, se nos recoñece como unha das universidades de referencia con menos de 50 anos de vida e no U-Multirank, patrocinado pola Comisión Europea, e, de modo xeral, na maior parte dos ránkings con impacto social.

2) Participación en redes e institucións. Neste período, a Universidade de Vigo incrementou notablemente a súa participación activa nun amplo conxunto de institucións e redes. De entre todas nas que intervéñ a Universidade de Vigo, destaca o reitor a participación na CRUE, posta de manifesto nas diversas sectoriais a través das presidencias e secretarías executivas que ostentan os vicerreitores e vicerreitoras do equipo reitoral. Subliña tamén a constitución, desenvolvemento e presidencia da Conferencia de Reitores del Suroeste de Europa, CRUSOE, así como a intensa participación na rede Universia, na Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (CEER) e na Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas (RIET), ademais doutros foros galegos, nacionais e internacionais

Ademais de esta actuación préstase especial atención á participación nos foros máis locais que se desenvolven nas tres cidades nas que se asenta a Universidade, como os Círculos de empresarios, as fundacións como a Fundación ProVigo, o Vigo Convention Bureau, Consello Social Económico, etc.

Continúa o reitor o seu informe abordando un aspecto básica da actuación realizada que é o Desenvolvemento normativo. Ademais das normativas e regulamentos que se desenvolveron de xeito

específico nos distintos ámbitos, cómpre destacar nesta sesión do Claustro a modificación dos Estatutos da Universidade de Vigo que suporán o novo marco no que se desenvolverá a actividade da Universidade nos próximos anos.

O procedemento seguido supuxo un longo camiño, que se iniciou coa aprobación polo Claustro da “Normativa de modificación e aprobación dos Estatutos da Universidade de Vigo” en sesión do 20 de novembro de 2014, e da Comisión encargada da modificación dos Estatutos na sesión do día 9 de decembro do mesmo ano. Dita comisión, representativa de todos os sectores da comunidade universitaria e presidida polo reitor, quedou constituída en marzo de 2015, mes no que aprobou o seu Regulamento de Funcionamento Interno, a estrutura básica dos Estatutos e se constituíron os grupos de traballo.

Ao longo destes anos, leváronse a cabo máis de 40 reunións dos grupos de traballo, que desenvolveron cada un dos títulos dos Estatutos, e do pleno da Comisión, no que se discutiron e aprobaron os artigos desenvolvidos nos GT. O anteproxecto do texto foi remitido a todos os claustrais e abriuse un período dun mes de exposición pública para a presentación de emendas. Nese tempo presentáronse un total de 15 emendas, avaladas ou por 10 claustrais ou por 25 membros da comunidade universitaria. Todas foron analizadas e debatidas no seo da comisión, en reunións que remataron o pasado 4 de decembro. O documento resultante de dito estudo, no que se recolle o texto inicial, o texto das emendas, e o acordo da comisión ao respecto xa está elaborado, e será enviado a todos os membros do Claustro para o seu debate no Claustro que se levará a cabo o 18 de xaneiro. A todos os que presentaron emendas se lles responderá de xeito personalizado, aclarando os argumentos da Comisión para a súa proposta de aceptación ou de rexeitamento.

O reitor destaca que foi un proceso longo, pero que está a garantir a participación activa de todos os sectores da comunidade universitaria e que está a permitir un grao de consenso que, confía, sexan unha garantía de estabilidade desta norma marco da convivencia. A continuación o reitor agradece a todos os membros da Comisión o esforzo realizado neste tempo, e moi especialmente ao secretario da Comisión Roberto Bustillo pola súa dedicación e á vicesecretaria Xeral Técnica, Angeles Hermida, polo apoio prestado en todo momento, sen esquecer ao persoal dos servizos de Asesoría Xurídica, PDI, Recursos Humanos, Investigación e Secretaría Xeral pola súa inestimable axuda.

Infraestruturas: Seguindo co seu informe o reitor informa das actuacións levadas a cabo neste ámbito. Explica que, durante un período de especial dificultade económica, no que xa non era posible construír edificios en base a recursos propios, como en épocas anteriores, o desafío e o compromiso do equipo de goberno no ámbito das infraestruturas plasouse en desenvolver a capacidade de captar financiamento finalista para poder facer fronte ás infraestruturas necesarias para o desenvolvemento e progreso da Universidade e os seus proxectos estratéxicos. A aposta pola especialización dos campus, e da agregación de grupos de investigación, permitiu a definición de proxectos do conxunto da institución que acadaron financiamento autonómico, estatal e comunitario.

Dá conta a continuación dos principais investimentos derivados deste financiamento, e que se encamiñaron a:

- Dotar aos proxectos estratéxicos dos Campus de especialización dunha sede que permita o seu crecemento. Comezando polo Campus do Mar, co desenvolvemento da rehabilitación do edificio Faraday na antiga ETEA, do que xa se convocou o concurso para a realización do proxecto pero está pendente do convenio para a execución da obra. Neste sentido, dá conta do compromiso adquirido pola Xunta de Galicia de dotar tres millóns de euros, a través dun convenio que está pendente de ser asinado no ano 2018, que permitirá desenvolver a primeira fase do proxecto do Campus do Mar. Esa primeira fase, continúa o reitor, se completa cunha achega indirecta da ZFV que se encargará da rehabilitación do edificio Siemens.

En relación co Campus da Auga, lembra o inicio da construción do edificio en agosto de 2016 e indica que, trala recepción da obra este próximo martes, procederase a dotar ao edificio do equipamento preciso co obxectivo de que no curso 2018/2019 estea totalmente operativo.

En relación coa sede do Campus Crea-S2i, procederase á rehabilitación da antiga sede da Xunta en Benito Corbal, espazo para o que xa se definiu o plan de usos e se está a traballar para contratar o proxecto arquitectónico. Estes proxectos serán relevantes non só para a propia Universidade, senón para a capacidade competitiva das cidades con campus da nosa institución, subliña o reitor.

No ámbito do Vigo Tecnolóxico, o reitor destaca as obras do novo edificio do Centro de Apoio á Investigación (CACTI) e do Centro de Investigación Biomédica (CINBIO) e equipamento e posta en marcha de ambos. Inaugurándose recentemente baixo o nome de Dra. Olimpia Valencia. En relación co Módulo Tecnolóxico industrial (MTI), cuxa construción rematou no 2013, indica que xa se realizaron diversas actuacións encamiñadas a dotar os espazos segundo as necesidades dos grupos de investigación, e cuxa dotación completárase co financiamento acordado no convenio coa Consellería da Xunta de Galiza.

- Salienta tamén o proxecto de rehabilitación do edificio do Berbés para a sede institucional da Universidade na cidade de Vigo que, tras moitos retrasos, ven ser iniciado e rematarase ao longo do próximo ano, e que permitirá conectar máis directamente á Universidade coa cidade.

A continuación o reitor pasa a detallar os aspectos máis específicos relacionados coas funcións propias da Universidade: a docencia e a investigación e transferencia, detallando tamén a política de especialización nos campus levada a cabo.

No apartado de persoal docente e investigador cómpre salientar o enorme esforzo que a Universidade de Vigo fixo por manter o seu cadro de profesorado, no escenario de crise económica o reitor vén de describir e das medidas extraordinariamente lesivas implantadas polos gobernos central e autonómico.

Lembra o reitor que ao comezo do período, as convocatorias de prazas permanentes de profesorado contratado doutor ou titular realizábanse de acordo aos criterios recollidos no convenio colectivo. A partir do ano 2012 foron impedíndose estas convocatorias, primeiro as de funcionarios, a continuación as de laborais permanentes e posteriormente, incluso o nomeamento de profesorado contratado doutor interino, imposibilitando a estabilización do persoal.

A taxa de reposición estableceuse inicialmente nun 10%, o que unicamente permitiu a convocatoria de 2 prazas de profesorado permanente nos anos 2013 e 2014. No ano 2015 convocáronse 8 prazas e, a medida que a base de esforzos logrouse a flexibilización da mesma, lográronse 33, incluíndo 12 para cátedra en 2016. Estas convocatorias de prazas de profesorado permanente leváronse sempre ao máximo número permitido polas normas.

Fíxose, ademais, unha política de mantemento dos postos de traballo do profesorado axudante doutor que non perdeu a súa vinculación coa Universidade a pesar das prohibicións e impedimentos por parte das autoridades autonómicas e estatais. Así, nos anos 2015 a 2017 aprobáronse plans de intensificación investigadora para o persoal que remataba o seu contrato como axudante doutor coa intención de manter a vinculación destas persoas ata que puidesen optar a unha praza permanente ou interina, como de feito ocorre en todos os casos no momento actual. Confiamos que en 2018, todo esta bolsa poida desaparecer. A oferta de emprego público para este ano 2017, a punto de publicarse no DOG, contempla a convocatoria de 54 prazas de PDI.

No relativo a títulos oficiais, salientamos que a implantación do Espazo Europeo de Educación Superior provocou un completo cambio tanto nos títulos universitarios, como no xeito en que se realiza o proceso ensinanza-aprendizaxe. Dos 39 títulos de grao que se están a impartir nestes momentos, 37 xa pasaron por primeira vez polo procedemento de renovación da acreditación. Os dous restantes, Ciencias da Linguaxe e estudos Literarios e Enxeñaría Aeroespacial, son de recente implantación e aínda non lles corresponde este procedemento. Nestes momentos estamos a tramitar a implantación do novo Grao en Enxeñaría Biomédica e proximamente comezaremos este trámite para un novo grao en Deseño e Creación, vinculado ao campus de especialización de Pontevedra. Cómpre salientar que no novo mapa de titulacións recentemente anunciado somos a única universidade que non precisa substituír nin pechar ningún título de grao, xa que todos foron considerados viables ou singulares. Tamén nestes anos foron incorporadas á



oferta as simultaneidades en estudos de grao, das que ofrecemos 3 programas: ADE-Dereito, ADE-Informática e Xeografía e Historia-Turismo.

Respecto dos títulos de máster, debido á súa maior flexibilidade, os cambios producidos nos últimos anos foron máis numerosos. Nestes momentos impartimos 54 másteres en todos os ámbitos e campus. A totalidade dos títulos que se someteron á renovación da acreditación superaron con éxito o procedemento. Para o vindeiro curso académico implantáranse 7 novos títulos de máster, a totalidade dos que se solicitaron á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

Os doutoramentos experimentaron tamén cambios significativos. Neste momento temos xa todos os programas baixo unha mesma lexislación, despois de anos de convivencia de títulos amparados por decretos diferentes. Nos últimos meses realizáronse os 7 primeiros procesos de seguimento de doutoramento cara ás primeiras renovacións da acreditación que se producirán o vindeiro ano.

Nun contexto tan competitivo como o anteriormente descrito, resulta especialmente relevante a obtención da certificación FIDES-AUDIT de implantación do Sistema de Garantía de Calidade para 11 centros da Universidade. E é preciso subliñar que ese esforzo que os centros realizan e que en moitas ocasións se considera improdutivo, sitúa á nosa Universidade á cabeza do sistema universitario galego como a que maior número de centros ten con esta certificación e unha das punteiras en todo o estado neste apartado. A partir dos vindeiros meses estas certificacións permitirán a acreditación de títulos sen necesidade de someterse a unha avaliación externa, sempre que a metade dos títulos xa renovasen a súa acreditación.

Aborda a continuación o reitor o informe das actividades realizadas neste período 2010-2017 no ámbito da Investigación e Transferencia, salientando o traballo desenvolvido pola vicerreitoría en distintas vertentes, o que permitiu crear un marco axeitado para potenciar ós resultados do noso persoal investigador, situando á Universidade de Vigo moi positivamente nos ránkings, e que permitiu o aumento dos ingresos e, polo tanto, a estabilización institucional.

a) Un aspecto que se considerou moi importante era a definición das normas que permitiron estruturar aspectos fundamentais para o desenvolvemento da I+D+i. Nese ámbito normativo destacan:

- Normativa de Centros de apoio á investigación da Universidade de Vigo
- Normativa de grupos, agrupacións e centros singulares de investigación da Universidade de Vigo
- Normativa de creación de empresas da Universidade de Vigo
- Normativa de propiedade intelectual e industrial da Universidade de Vigo
- Normativas de funcionamento interno de centros de apoio á investigación (p.ex. CITI, ECIMAT)
- Protocolo para o desenvolvemento do Programa Soporte á xestión económica de grupos de investigación
- Normativa de xestión de recursos liberados dispoñibles nos proxectos do programa Horizonte 2020
- Normativa da Universidade de Vigo para a contratación de persoal co cargo a actividades de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i)

b) Tamén moi importante para o impulso da investigación foi o deseño e implementación de diversas Convocatorias ao longo destes anos que facilitaron a labor dos investigadores e investigadoras, poñendo en valor os seus resultados tanto de investigación como de transferencia. De todas as existentes, o reitor destaca as seguintes:

- Convocatoria anual de axudas á investigación.
- Novos criterios de Avaliación da Produción de Investigación do persoal investigador da Universidade de Vigo.
- Novos criterios de Avaliación da Produción de Transferencia do persoal investigador da Universidade de Vigo.

- Convocatoria da Universidade de Vigo para o anticipo de financiamento estrutural a grupos e persoal de investigación de traxectoria destacada.

Destaca o reitor que, ao mesmo tempo fíxose un gran esforzo con recursos propios da Universidade de Vigo para captación e retención do talento das persoas investigadoras ao longo destes anos tan difíciles, así leváronse a cabo as convocatorias seguintes:

- Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara á intensificación investigadora do profesorado axudante doutor.
- Prórroga de contratos do programa Ramón y Cajal formalizados na Universidade de Vigo.
- Programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo.
- Programa da Universidade de Vigo para a captación de persoal investigador seleccionado nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC).
- Programa de captación de talento investigador de excelencia da Universidade de Vigo.

E tamén é necesario destacar o apoio á transferencia a través da Convocatoria de axudas para o desenvolvemento e consolidación de EBTs na nosa Universidade (convocatoria anual dende 2013), que foi modificada significativamente e ampliada aos campus de Ourense e Pontevedra en 2016 e 2017.

c) En relación co apoio á actividade investigadora, o reitor sinala tamén o esforzo realizado pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia para a contratación de 6 xestores/as de innovación, que darán apoio ás actividades de I+D+i, potenciando as realizadas nos Campus e nos distintos ámbitos de coñecemento. Así como unha xestora de innovación para a visibilización e promoción de actividades de divulgación científica na Universidade de Vigo; un xestor de innovación para a xestión económico-administrativa de proxectos europeos, que dará apoio á redacción de propostas de proxectos europeos e outros proxectos de envergadura, á busca de consorcios, á participación en redes internacionais e á atención á Oficina en Bruxelas.

Grazas ao apoio promovido desde a Vicerreitoría, prosegue o reitor, téñense acadado destacables logros:

- Produciuse un incremento moi significativo de solicitudes de proxectos europeos: 62,5 solicitudes/ano de media ata 2010, aumentando a 82 solicitudes/ano de media no período 2011-2017 e 109,7 solicitudes/ano de media no período 2015-2017.
- Incrementouse significativamente o número de proxectos europeos concedidos, a pesar da dura competencia en H2020: 6,7 proxectos concedidos/ano de media ata 2010, aumentando a 9,9 no período 2011-2017 e, finalmente, 13,7 proxectos concedidos /ano de media no período 2015-2017.
- Consecuentemente, elevouse a captación de recursos europeos, pasando de 1,9 millóns euros/ano de media ata 2010 a 4,3 millóns euros /ano de media no período 2015-2017.
- O reitor salienta que neste período un importante obxectivo era ampliar esta capacidade competitiva a todos os ámbitos, e logrouse un importante avance nesta liña no ámbito humanístico e xurídico-social, no que se concedera tan só un proxecto europeo ata 2010, e dende esa data xa son 10 os proxectos concedidos neste ámbito.
- O reitor realiza unha mención especial aos resultados acadados na captación de recursos externos de I+D+i neste ano2017, salientando que, no apartado de proxectos acadouse un total de 18.883.233 euros, o que supón un incremento do 33% con respecto ao balance presentado en decembro de 2016, e de máis do 90% comparado co balance de decembro de 2015.

Desta cantidade, o 36% correspondeu a convocatorias europeas, o 21% a convocatorias estatais e o 43% restante a convocatorias de ámbito autonómico. En total, obtiveron financiamento 106 proxectos ou accións de investigación (24 europeos, 37 estatais e 45 autonómicos). No que respecta á distribución por ámbitos, destaca especialmente o ámbito tecnolóxico, con 46 axudas financiadas, seguido do científico (38 axudas), o humanístico (13 axudas) e o xurídico-social (9 axudas).

- O reitor dá outras cifras, indica que neste ano 2017 lévase captado en I+D máis de 30 millóns de euros, o que supón un incremento do 21% con respecto ao 2016 e do 60% do incremento na captación de recursos con respecto ao 2015.

d) Proseguindo co informe o reitor destaca o efecto multiplicador que teñen os proxectos institucionais, labor proactiva do goberno para que os grupos sexan competitivos, indicando que os recursos captados a través destes proxectos xa superan o obtido polo conxunto dos grupos de investigación nas súas convocatorias. Destaca os proxectos COFUND-FELLOWSEA (1,8 millóns de euros, 2013), e BIOCAPS (4,6 millóns de euros, 2013) e TACTICA (8,8 millóns de euros, 2013), ligados ao Vigo Tecnolóxico. Menciona a participación nas acreditacións de ECOBAS, as agrupacións estratéxicas, proxectos de mobilidade, etc.

Seguindo co ámbito da investigación, o reitor destaca unha cuestión cada vez máis relevante no contexto actual que é a Certificación do Centros, a Acreditación dos servizos e a habilitación dos comités, e neste campo, logrouse a: Certificación ISO 9001 do CACTI, a Certificación ISO 9001 da ECIMAT, rexistro da ECIMAT para a experimentación con peces, o rexistro do Servizo de Bioexperimentación da Universidade de Vigo como centro de cría e usuario de animais de experimentación, a habilitación do Comité de Ética de Experimentación animal para a avaliación de proxectos de experimentación animal e, de xeito especial, destaca o reitor a obtención do selo europeo de Excelencia en Recursos Humanos de Investigación, HRS4R.

Finaliza o resumo de actividades realizadas dende a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, salientando o desenvolvemento de ferramentas que facilitan a labor investigadora e a súa posta en valor, como a actualización dos datos dos grupos de investigación da Universidade de Vigo no SUXI-XC, o desenvolvemento do Buscador de I+D+i da Universidade de Vigo – BIDI, para a visibilización das capacidades dos nosos investigadores e investigadoras.

O reitor pasa a continuación á presentación das liñas de actividade desenvolvidas dende a Vicerreitoría de Estudantes, comezando pola atención ao estudantado, que constitúe o elemento fundamental da nosa actividade, polo que se realizou un importante esforzo económico para non retroceder nesta liña e mesmo avanzar, a pesar da crise.

A Vicerreitoría de Estudantes desenvolveu unha importante labor nestes anos, creando unha fiestra única para o estudantado, pola que se canalizan todas as súas inquedanzas e tramítanse as súas queixas e recursos. Acometeuse tamén unha importante revisión das normativas que xeraban máis problemas ao alumnado, nomeadamente a normativa de permanencia, a avaliación por compensación, a Normativa de TFG e a de simultaneidade de estudos. En todos os casos, as revisións foron negociadas co estudantado e cos axentes implicados no PAS e nos centros, como se está a facer nestes momentos coa nova normativa de prácticas.

En relación coas Bolsas, reitera o reitor o importante esforzo realizado para paliar os momentos máis duros da crise económica, ampliándose a contía en axudas por causas sobrevidas e creándose bolsas propias novas (conservando as anteriores: residencia e comedor).

Na área de linguas, a Universidade de Vigo coordina dende a CRUE as accións de política lingüística, pola súa implicación na creación dun modelo (realmente) plurilingüe de universidade. Profesionalizouse o Centro de Linguas e conseguiuase a acreditación do centro e das súas acreditacións lingüísticas de nivel B1, B2 y C1, que son xa recoñecidas pola Xunta de Galicia. Ademais conseguiuase a certificación para administrar o TOEFL. Elaborouse tamén un Plan de internacionalización lingüística que permite a posta en marcha de programas plurilingües en diferentes centros. O reitor destaca de xeito especial o deseño e implantación dun exame de acreditación das competencias lingüísticas do profesorado para a docencia en inglés, HELA, que é referencia no estado e xa foi exportado a outras universidades.

Anuncia o reitor que estamos próximos á creación dunha Aula Confucio e a realización de exames oficiais HANBAN de chinés, a través dun acordo que agardamos estea asinado en febreiro.

En relación co ámbito do Emprego e Emprendemento. Creouse a Área de Emprego e Emprendemento co fin de coordinar todas as iniciativas neste eido: as prácticas externas, as ofertas de emprego, a formación transversal para a mellora da empregabilidade do noso alumnado e as accións de emprendemento.

No 2011 lanzouse por primeira vez o programa de preincubación INCUVI-Emprende no Campus de Vigo, que se estendeu ao Campus de Pontevedra en 2013 e ao Campus de Ourense en 2015. No ano 2016 lánzase unha segunda fase do programa INCUVI, o INCUVI-Avanza, para axudar á consolidación dun dos proxectos gañadores das anteriores edicións en cada campus, cun niño en Porto do Molle (Nigrán) e mentorización por Consorcio Zona Franca, e un niño no CITI co seguimento e mentorización por Confederación Empresarios Ourense.

En relación coas liñas de actuación desenvolvidas dende a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, o reitor as resume abordando cada un dos aspectos por separado.

En relación co ámbito da Extensión Universitaria, resulta especialmente salientable a posta en marcha das estruturas precisas para dar atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo, cun enfoque pioneiro no sistema universitario español que vai máis aló da atención do estudantado con discapacidade, e que reafirma o noso desexo de ser unha universidade realmente inclusiva.

Noutro eido, redefiniuse a actividade deportiva na Universidade de Vigo para convertela nun instrumento ao servizo de toda a comunidade universitaria para a promoción de estilos de vida saudables. De xeito que pasamos dunha Área de Deportes a unha área de Benestar, Saúde e Deportes.

Tamén neste período reelaborouse completamente o programa de maiores da Universidade de Vigo, de maneira que se facilite de verdade a aprendizaxe ao longo de toda a vida. Implantouse un modelo máis flexible, orientado a persoas activas e comprometidas socialmente, que facilita a participación de calquera persoa maior de 55 anos sen límite de caducidade.

No ámbito das Relacións Internacionais, mellorouse de maneira moi relevante a estrutura de socios internacionais da Universidade de Vigo para a mobilidade de estudantes, PDI e PAS. Asináronse novos acordos en países como Australia, Corea, Malaisia, Vietnam, China ou Camboia, e Integrouse á Universidade de Vigo nos programas GE4 e International to International de ámbito mundial. Implantouse a mobilidade internacional para a realización de prácticas académicas, dentro e fóra de Europa.

Expón o reitor que fíxose da Universidade de Vigo unha universidade máis aberta, coa definición de novos tipos de estudantes internacionais como os estudantes visitantes, os estudantes internacionais de curso cero, ou os estudantes en prácticas.

Así mesmo, incrementouse de maneira moi importante a participación da Universidade de Vigo en proxectos de cooperación educativa e de cooperación ao desenvolvemento, mediante a procura activa de socios, a promoción do proxectos institucionais, e a formación do PDI para a captación deste tipo de proxectos. Consecuencia do cal foi a captación de fondos por valor de máis de 5 millóns de euros.

Na parte final do seu informe, o reitor resume os fitos máis importantes dun avance que consideramos histórico para o debuxo futuro da nosa Universidade foi o desenvolvemento da política de especialización en Campus, iniciada co Campus do Mar e desenvolvida ata incluír o Campus CREA S2i – Campus de Pontevedra, o Campus da Auga-Campus de Ourense e o Vigo-Tecnolóxico.

Campus de Pontevedra-Campus CREA.- Nos últimos oito anos (2010-2018) o campus de Pontevedra ten dado un salto cualitativo importantísimo co proxecto de especialización CREA S2i, podendo verificarse que progresou en todos os ámbitos: docencia, a investigación e a transferencia, pero tamén no seu nivel de repercusión e recoñecemento, e na mellora das relacións coa súa contorna no eido institucional, social, económico e cultural.

a) Destaca o reitor que a boa relación entre as principais institucións públicas e a Universidade de Vigo no campus de Pontevedra, permite a realización de moitos dos seus proxectos. Así destacan, o acordo de

cesión por parte da Xunta de Galicia e a presentación o 4 de abril de 2016 do proxecto para o edificio na rúa Benito Corbal como centro neurálxico do CREA S2i.

O acordo estratéxico coa Deputación de Pontevedra permitiu asinar o primeiro protocolo de colaboración institucional que define o marco de relación para os próximos anos, e a través do cal se promove a cooperación para o desenvolvemento científico e tecnolóxico, procurando unha aplicación práctica do coñecemento en proveito da sociedade. Neste convenio marco foron cristalizando diversos proxectos específicos, como o apoio á mobilidade dentro do programa Erasmus, e proxectos de investigación de diversa índole, que foron anunciados no seu momento, así como distintas colaboracións derivadas de demandas expresadas pola Deputación para o cumprimento dos seus fins e obxectivos.

De igual xeito, incentivouse a colaboración do Concello de Pontevedra, e destaca o reitor o acordo acadado que suporá unha bonificación do 95% no pago do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) polos edificios do campus de Pontevedra, coa subseguinte redución de pagos anuais.

b) No apartado académico, estabilizouse unha ampla oferta, cun total de 25 títulos entre graos, mestrados e programas de doutoramento que se están a impartir, todos eles acreditados. A importancia deste acreditación se plasma en que o título que está na situación de maior debilidade ten a fortaleza de que pertence á Escola de Enxeñaría Forestal, primeiro centro do campus en acreditar o seu sistema interno de garantía de calidade, polo que a pesar de non cumprir os requisitos mínimos do decreto de títulos, conta cun informe positivo no seu plan de viabilidade externa que permitiu consolidado.

Puxéronse en marcha no período sinalado o mestrado en Dirección de Arte Publicitaria, o grao en Enxeñaría Mecánica no Centro Universitario de Defensa (CUD), o mestrado online en Dirección Pública e Liderado Institucional, o primeiro dobre título no campus de Pontevedra coa Universidade de Sao Paulo en Dirección e Xestión Pública, así como os dous máis recentes: o mestrado en Deseño e Dirección Creativa de Moda e o programa de doutoramento en Creatividade e Innovación Social e Sustentable, ambos no curso 2017/2018.

Dentro do mapa de títulos, está pendente a avaliación por parte da ACSUG do mestrado en Community Management e Creación de Contidos Dixitais, así como a evolución do futuro grao en Deseño e Creación.

c) En canto ao apartado de investigación e transferencia, ademais da posta en marcha do Pont Up Store no marco da IV Conferencia Ibérica de Emprendemento 2014 e os proxectos dos distintos grupos de investigación, destaca o reitor a concesión á Universidade de Vigo como institución socia, e en particular ao CREA S2i, o proxecto LAPASSION (Latin-America Practices and Soft Skills for and Innovation Oriented Network), financiado cun millón de euros no programa Erasmus+ e que promove a mobilidade de docentes e estudantes, entre distintas universidades europeas e os institutos federais do Brasil, por valor superior a un millón de euros.

d) Outro fito do campus de Pontevedra é a consecución da bandeira verde, concedida por ADEAC en 2015, que reconece o labor de educación e xestión ambiental do campus e facultades e o sitúa como único Green Campus de toda España. E gran parte das obras e infraestruturas do Campus están relacionadas e foron levadas a cabo baixo os preceptos do Green Campus.

Campus de Ourense-Campus Auga. O principal obxectivo estratéxico acadado a partir do impulso do goberno da Universidade de Vigo, e en particular da Vicerreitoría de Campus, durante estes últimos sete anos e medio é ter acadado a especialización do Campus da Auga. Unha liña de futuro na que se comezou a traballar no ano 2013, pero pola que se apostou decididamente a partir do ano 2014, coincidindo co inicio do segundo mandato do equipo actual.

A especialización do campus supón implementar un novo modelo de gobernanza, outorgando maior autonomía ao Campus de Ourense, para que sexa dono do seu futuro e poida decidir no ámbito académico e de investigación, entre outros. O primeiro plan de acción do Campus da Auga está executado ao 100%, o que se traduce en numerosos fitos, dos que o alcalde destaca os seguintes:

- Implantación no curso académico 2017/2018 do programa de doutoramento “Auga, sustentabilidade e desenvolvemento”, coa participación de 120 investigadores, e coa colaboración da UTAD e do IPP.
- Convocatoria dos Premios de Investigación, Transferencia, Innovación Educativa e Divulgación Científica.
- Primeiro proxecto de investigación acadado como campus da auga, de carácter institucional, en colaboración coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Universidade de Porto e a Axencia Portuguesa do Ambiente. Trátase dun POCTEP, que vai estudar fenómenos extremos: inundacións e secas, cunha financiación superior aos dous millóns de euros.
- Posta en marcha do programa IPICA, Investigacións e Proxectos Institucionais do Campus da Auga, co cal se tentan motivar e xerar proxectos institucionais a partir das iniciativas dos grupos de investigación do Campus de Ourense.
- Destaca tamén a extensión dos programas de emprendemento e creación de empresas INCUVI-Inicia e INCUVI-Avanza, en colaboración coa Vicerreitoría de estudantes, que lidera o programa, e a Vicerreitoría de Ourense, en colaboración co Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole). Con esta política non só se incrementa o número de propostas de emprendemento apoiadas, senón que conseguíronse traspasar dúas barreiras: de ámbito, lográndose estender emprendemento e a creación de empresas a todos os ámbitos de coñecemento, e a de xénero, lográndose un equilibrio entre o número de emprendedoras e emprendedores.

Ao igual que no Campus de Pontevedra, prosegue o reitor, durante estes anos de goberno produciuse un claro estreitamento das relacións institucionais, grazas á política de especialización, incrementándose as colaboracións e as achegas.

No eido das infraestruturas destaca o edificio do Campus da Auga que suporá un salto cualitativo e que estará operativo no curso 18-19 e no eido académico a consecución do Grao en Enxeñaría Aeroespacial para o Campus de Ourense, e a creación Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo que, grazas ao convenio asinado recentemente coa Xunta de Galicia, ten garantida a dotación dos laboratorios específicos e os medios adecuados para a implantación progresiva de todos os cursos da titulación, cunha dotación superior aos 2.500.000 de euros.

Subliña o reitor que Ourense é un exemplo de que non existen campus periféricos. No ámbito académico, o Campus de Ourense ten consolidada a súa oferta, con 17 titulacións de grao, de todos os ámbitos de coñecemento, incluíndo tres simultaneidades de estudos. Se o número de matrícula foi bo durante estes cursos pasados, hai que sinalar que neste presente é sobresaínte o ter unha ocupación total dun 101%, o que o sitúa como o campus con maior porcentaxe de ocupación de todo o SUG. Pero ademais hai que completar este dato sinalando que todas as carreiras cobren todas as prazas ofertadas en primeiro curso, sendo capaz de atraer a moitos estudantes de fóra da provincia, e que xa representan o 45% do total (dos certo de 4.500 estudantes).

Campus do Mar. Tras 6 anos de traballo, o proxecto de especialización “Campus do Mar”, iniciado en 2010, mereceu a cualificación definitiva como Campus de Excelencia Internacional no contexto europeo en decembro de 2015.

Ao longo desde período, acadáronse os obxectivos estratéxicos definidos inicialmente para este Campus de especialización. Por una banda, creouse e consolidouse a imaxe de marca Campus do Mar. Esta imaxe de marca, ten facilitado a creación dun valioso capital relacional no ámbito mais próximo, a través de alianzas estratéxicas co Consorcio da Zona Franca, o Porto de Vigo, O Concello de Vigo, A Xunta de Galicia ou con diferentes sectores empresariais. Permitiu, asemade, o reforzo dos vínculos internacionais, particularmente cos socios de Portugal mais tamén alén da Península Ibérica, nomeadamente no ámbito europeo, na China e con países en vías de desenvolvemento, a través da execución de proxectos de cooperación.

A posta en marcha do maior programa de doutoramento internacional do Estado no ámbito mariño, o desenvolvemento de exitosos programas formativos de fomento do emprendedurismo ou a atracción de talento a través de competitivas convocatorias internacionais, son mostras da actividade levada a cabo polo Campus de Excelencia.

Neste ano, a Universidade de Vigo dá un paso máis na súa estratexia de especialización no medio mariño co desenvolvemento do Campus de Especialización Mariña da Universidade de “Campus do Mar - UVigo” que potencia, reorganiza e estrutura todas as capacidades e medios da nosa institución no ámbito mariño. A misión principal deste Campus é a de reforzar aínda máis a conversión da Universidade de Vigo nun polo interdisciplinar de referencia a nivel local, rexional, autonómico, eurorrexional, estatal e internacional no ámbito da xeración e transferencia do coñecemento no eido mariño e marítimo e ten como elementos nucleares, o novo Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (CIM-UVIGO), enriquecido coas liñas de investigación dos restantes centros, agrupacións estratéxicas, grupos de investigación e investigadores que están directa ou indirectamente relacionados co coñecemento do mar e as actividades marítimas.

De cara ao futuro inmediato, a aposta estratéxica da Universidade neste eido céntrase no Polo de Innovación Mariña da ETEA que aspira a se converter nun elemento dinamizador da innovación de ámbito mariño e marítimo, que contribúa ao crecemento económico sustentable da Eurorrexión.

Vigo-Tecnolóxico. Lembra o reitor que se trata dun proxecto de especialización para o campus de Vigo, ambicioso e que está chamado a constituírse nun auténtico polo estratéxico no Noroeste da península. Arranca co nomeamento do profesor José Antonio Vilán como Comisionado para o Vigo Tecnolóxico no Consello de Goberno de 14 outubro de 2014, e coa definición das súas liñas de actuación que buscan desenvolver os pilares do mesmo: tecnoloxías da información e da comunicación, ámbitos aeroespacial e de bioenxeñaría e investigación industrial, centrado nas emisións cero e nos procesos de fabricación. Dende entón se foron construíndo os instrumentos necesarios para desenvolver esas liñas, así a partir da Agrupación Estratéxica Inbiomed (2009-16) nace o CINBIO (Centro de Investigacións Biomédicas), da hibridación de ambas, que pasa a ser recoñecido como Centro Singular de Investigación de Galicia para o período 2016-19 pola resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de 24 de novembro de 2016. Na mesma resolución de 2016 se recoñece a atlantTic (Research Center for Telecommunication Technologies) como Agrupación Estratéxica Consolidada para o período 2016-19, no ámbito da telecomunicación. No ámbito Aeroespacial, ponse en marcha o Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia, CINAe, e no de industria e Enerxía constitúese a agrupación INEX, xa considerada como Agrupación Estratéxica pola UVigo e que, co desenvolvemento do seu plano estratéxico e a integración do centro MTI, debe aspirar a constituírse nun novo centro singular de investigación de Galicia na seguinte convocatoria.

Na actualidade, engade o reitor, estase a desenvolver o plano estratéxico do Vigo-Tecnolóxico, baixo a coordinación da Comisionada, Edita de Lorenzo, e coa participación do Comité Executivo de Dirección de Vigo Tecnolóxico xa constituído, integrado pola comisionada e as directoras e directores dos centros que apoian as catro liñas. Neste plan, débense unir os catro piares e as súas potencialidades para, a través da cooperación intelixente, construír o Vigo Tecnolóxico cun nivel de excelencia internacional.

Conclúe o reitor o seu informe indicando que para datos e precisións máis concretas, especialmente relativos ao ano 2017, deberá consultarse a Memoria Anual da Universidade que edita a Secretaría Xeral.

### **3. Informe sobre as Liñas xerais de política orzamentaria-2018.**

Para a este punto, o reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación.

O vicerreitor, co apoio dunha presentación informática, realiza un resumo do documento completo que se achegou coa convocatoria (**Anexo I**). Destaca que no apartado relativo ao escenario orzamentario, no que se recolle o marco legal e económico no que se desenvolven os orzamentos da Universidade, practicamente non hai cambios con respecto ao exposto en exercicios anteriores, dado que neste ano están

prorrogados os orzamentos de 2017 no Estado, e os da CCAA non incorporan practicamente ningunha novidade en relación co que nos afecta.

Comeza pois presentando unha imaxe da evolución do financiamento do SUG ao longo do período 2015-2018 na que destaca que, a pesar da progresiva recuperación do mesmo nos tres últimos exercicios, absorbida de xeito maioritario pola recuperación salarial do persoal, aínda non se acada o valor do financiamento correspondente ao 2009, que supón o valor máximo deste período.

Dentro dese marco xeral, pasa a analizar a continuación a evolución económico-financieira da UVigo, comezando polas achegas conseguidas ao longo dos sucesivos planes de financiamento. Destaca que no primeiro plan de financiamento 2011-2015 no que o equipo de goberno comezou a traballar, e que abrangue os anos máis duros da crise, se incentivaba o financiamento por resultados, polo que, a pesar dos recortes globais, conseguimos ir mellorando a captación de recursos. O novo plan de financiamento 2016-2020 é moi regresivo en canto a ese financiamento en base a resultados, polo que os incrementos dependen da recuperación salarial e non da captación de recursos para a xestión da Universidade. Esta situación, que xa foi denunciada en todos os foros, vai establecer un financiamento practicamente plano xa que formula un reparto que tende a igualar a todos, aínda que favorecendo o criterio de tamaño e no que, subliña o reitor, vai ser difícil atopar liñas de crecemento.

A pesar deste marco de financiamento, a Universidade de Vigo foi quen de equilibrar a súa situación financeira e pechar os exercicios a partir do 2012 con superávit. Avanza o vicerreitor que a previsión de peche do ano 2017 é tamén positiva, cun superávit en torno a un millón ou millón e medio de euros. Esta situación permite reiterar que a de Vigo é unha Universidade saneada, que nunca tivo necesidade de recorrer á débeda bancaria, que a tesourería é suficiente para cubrir os pagos extraordinarios que poidan xurdir no exercicio, que estamos en equilibrio orzamentario dende o 2012. O vicerreitor salienta o feito de que conseguiu suprir a redución do financiamento público a través da captación de recursos en convocatorias en concorrencia competitiva e que se acometeu un duro proceso de redución nos custos dos correntes, tratando de optimizar os gastos. Isto é algo que se critica de xeito habitual, di o vicerreitor, pero ese aforro permite compensar o gasto que se mantivo no resto dos capítulos.

No apartado seguinte da presentación, lembra a estrutura básica do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016/2020, dividido en dous grandes fondos: financiamento estrutural (que supón os dous terzos do financiamento) e o financiamento por resultados, que supón un terzo. Reitera que a crítica principal da UVigo a este plan é que o denominado financiamento por resultados en realidade so inclúe un subfondo, o “Panel de indicadores” que podería considerarse como tal, e mesmo nese subfondo, os dous indicadores que teñen máis peso, non están racionalizados polo tamaño de cada universidade, polo que claramente prexudican ás de menor tamaño. Insiste en que este feito foi subliñado en todas as ocasións, pero non se conseguiu corrixir. En todo caso, prosigue o vicerreitor, o financiamento do SUG para esta anualidade supera lixeiramente os 412 millóns de euros, estimando unhas achegas para a Universidade de Vigo de aproximadamente 109 millóns de euros neste ano, 109.600.000 no 2019 e 110 no 2020, o que debuxa un escenario de crecemento difícil como xa comentou anteriormente, ao eliminarse o crecemento por resultados.

Con este escenario, o vicerreitor presenta as liñas xerais do orzamento da Universidade de Vigo para o 2018, que supón un incremento do 4,37% con respecto do exercicio anterior, acadando os 172.552.088 euros. En relación coa distribución dos ingresos por capítulos, destaca o incremento notable nas Transferencias de Capital (11,45%) que deriva da estimación dun incremento na captación de recursos de investigación, mobilidade e transferencia en convocatorias en concorrencia competitiva, e o aumento do 29,22% na variación dos activos financeiros, que deriva da incorporación de recursos captados en convocatorias anteriores e que se executan nesta anualidade. Explica tamén o incremento do 7,59% do capítulo de ingresos por taxas e prezos públicos, que corresponden á previsión de que neste exercicio débense cobrar os intereses de demora correspondentes a devolución do IVE dos exercicios 2013-14, á que foi condenada a Axencia Tributaria.



O vicerreitor aborda a continuación o orzamento de gastos, no que salienta o incremento do 5,28% no Capítulo I de Gastos de Persoal, que valora como excepcional no conxunto das universidades españolas. Menciona tamén o incremento do 9,31% dos capítulo de Investimentos reais que corresponde á execución das obras que se relataban no informe do reitor, así como a execución dos proxectos finalistas que se prevén captar neste exercicio. Remarca o vicerreitor que a diminución das Transferencias correntes nun 8,51% non supón unha modificación da política de apoio ao estudiantado cos recursos propios da Universidade, senón que deriva de que algúns programas do Ministerio de Mobilidade internacional e Cooperación ao desenvolvemento nesta anualidade priman máis as actividades de cursos, conferencias etc, que se plasman nun incremento de gasto corrente (dun 1,73%) fronte ás axudas directas ou bolsas aos participantes, o que conduce a unha diminución nas transferencias correntes. Este efecto encobre o esforzo continuado na política de maior eficiencia na xestión do gasto, así como o apoio ao estudiantado cos fondos propios, que se mantén nas cifras do exercicio anterior.

Afonda o vicerreitor no Capítulo I, para aclarar o orzamento neste capítulo é notablemente superior ao límite de masa salarial autorizada polo proxecto de orzamento da Xunta de Galicia. Esta diferenza deriva de que a UVigo inclúe os contratos de investigadores de convenios e programas tipo Ramón y Cajal, Parga Pondal e similares no Capítulo I, xa que se trata de persoal, mentres outras universidades o manteñen no Capítulo VI. Conseguiuse que a Xunta de Galicia recoñecera esta singularidade nos seus orzamentos, polo que a masa salarial publicada é de 96 millóns, hai que engadir 6 millóns máis derivados desas nóminas e da evolución vexetativa dos complementos persoais do persoal da Universidade.

Fai especial fincapé en que, dende o ano 2012, nos peores casos da crise na administración, esta Universidade foi quen de incrementar o 15,50% os seus gastos no capítulo I, o que supón unha clara demostración da aposta deste equipo de goberno polo seu persoal e o seu desenvolvemento.

Engade que no informe do reitor xa se explicaron as obras que repercuten no capítulo VI de investimentos reais, destacando a sede institucional do Berbés, a rehabilitación do Edificio Faraday; a adaptación do edificio de Benito Corbal en Pontevedra, a dotación do edificio do Campus da Auga en Ourense e o MTI.

O vicerreitor presenta a participación dos principais capítulos de gasto no conxunto do orzamento total e subliña que o capítulo I supón xa o 59,48% do mesmo, pero considera que se facemos a comparación do total dese capítulo (102.641.859 euros) co total das achegas que recibe a Universidade a través do plano de financiamento universitario da Xunta (aprox. 109.032.000 euros), comprenderemos que xa estamos no límite de capacidade de gasto deste capítulo, posto que a marxe remanente para a xestión das actividades ordinarias da institución é moi reducida.

Destaca que o obxectivo deste último orzamento é acadar un saldo corrente en equilibrio ao final do exercicio 2018. E finaliza a presentación apuntando as liñas básicas de actuación previstas nas vicerreitorías, que se encontran detalladas na memoria achegada coa convocatoria.

A continuación o reitor abre unha rolda de intervencións, que comeza o profesor Reigosa Roger, que agradece a presentación realizada polo vicerreitor e manifesta o seu acordo coa programación económica presentada, pero lamenta que só se presente a título informativo, en lugar de que puidera ser debatido e votado, o que enriquecería o Claustro e permitiría contrastar opinións. Continúa facendo unha consideración en relación á necesidade do equilibrio orzamentario. Aínda que recoñece que debe ser o obxectivo, vendo o que fan outras universidades, e o tratamento que reciben, de se considera que tal vez se debería forzar un pouco a situación. Porque parece que se axuda a aquelas que teñen dificultades económicas, mentres que a UVigo como é autosuficiente, non acada as achegas que creemos lle corresponden pola súa potencia e esforzo. Insiste en que non fai un chamado a facer un orzamento desequilibrado, pero si debemos lanzar a mensaxe de que xa que reducimos gasto corrente, que xa facemos esforzos, pero que non se pode facer máis por menos. Reitera que habería que facelo chegar máis, tanto á Xunta de Galicia como a opinión pública, algo xa ten indicado no Consello de Goberno. Porque a mensaxe que se traslada é que esforzarse e acadar o equilibrio económico non compensa, mentres que compensa non facelo ben. A continuación pregunta se ten o dato de cal é a porcentaxe de gastos de persoal con respecto ás achegas da Xunta de Galicia nas outras universidades do SUG.

Intervén a continuación a representante do estudantado, Paula Ribera que pregunta en relación coas liñas de actuación do apartado “f”, no que se sinalan as infraestruturas a desenvolver. Concretamente, quere saber en que centro se situarán as dotacións que se mencionan para a titulación de Enxeñaría aeronáutica, xa que, neste momento, impártense as clases nun centro que xa conta con tres titulacións, e está saturado, mentres que o edificio que leva o nome do centro, en realidade, contén só despachos de profesores.

O reitor aclara unha cuestión procedemental: as cuestións deben referirse aos orzamentos, e as relacionadas co seu informe realizanse en rogos e preguntas. O profesor Vallejo Pousada pregunta polo gasto derivado do elevado nivel de recursos contenciosos desta Universidade. Considera que, de xeito xeral, é un indicador que debería incluírse no informe do reitor e no económico, para coñecer en que nivel estamos situados con respecto a outras universidades e, de xeito concreto, quere saber o número de contenciosos que mantén a Universidade de Vigo e canto lle custan e en que sentido se resolven.

O Sr. Cebro Rodríguez comeza a súa intervención relacionado coa transparencia e o plan estratéxico, aos que define como o plan dos translúcidos. Sinala tamén a mala situación en transparencia da Deputación de Ourense. Destaca a falta de referencia ao PAS no informe do reitor, ao que se referirá en Rogos e Preguntas.

En relación coa proposta de orzamentos, pregunta se nos orzamentos se incorporan os gastos que están previstos, pero aínda non asinados. Refírese a que nas demandas presentadas de xeito individual polo PAS-F interino despedido, a Universidade está ofertando nos xulgados de Vigo, Ourense e Coruña 20d/mes traballado, o que conduce a indemnizacións media de entre 25000 – 30000 euros por demanda, e hai máis de 50 despedidos, aínda que non sabe cantas presentaron recurso, engade. Pero bastantes acudiron a falar con el, o que supón unha cantidade económica importante, no caso de que acepten esa cantidade, porque se o despedimento se considera indebido, esa cantidade se eleva. Tendo en conta o anterior, pregunta se esa cantidade está contemplada nos orzamentos.

En relación coa contratación dos Ramón e Cajal, Parga Pondal etc, indica que USC e a UdC os inclúen no Cap. VI, como é normal, e indica que nelas houbo unha negociación para ver se pasaban ao Cap. I. Subliña que se estas persoas contabilizan nese capítulo teñen as condicións derivadas do mesmo, polo tanto teñen dereito á convocatoria de acción social, e este persoal reclamou este dereito. Pregunta se no orzamento está incluído a contabilización dese dereito, lembra que na última reunión coa Xerencia en relación a este tema se dixo que non había dotación, e que había que reducir en certos capítulos de acción social. Pregunta tamén se este persoal ten dereito á negociación do convenio colectivo do persoal laboral por estar no capítulo I.

Fai referencia a que na páxina 24 dos orzamentos se indica un incremento do 5 e pico % nos gastos de persoal e se explica por un efecto combinado coa posta en marcha da nova RPT e o crecemento vexetativo da masa salarial. O Sr. Cebro coincide na incidencia da RPT no incremento do capítulo I, pero non no caso do PAS-Funcionario, xa que neste colectivo houbo un descenso de 705000 euros que redundou no incremento no PDI e PAS laboral. Considera que debería agradecerse o esforzo realizado polo PAS-F.

Continúa referíndose aos compromisos profesionais co PAS e o PDI que se citan na páxina 28. Lembra que hai pendente un proceso electoral e considera que non merece a pena deixar temas tan importantes como a temporalidade e funcionarización por 4 meses. Neste sentido, menciona un parágrafo do texto que fai referencia á volta á mesa de negociación dos representantes do PAS Funcionario á mesa de negociación e di que non se retiraron da mesa, aínda que houbo convocatorias das que non se decataron. Engade que en relación coa funcionarización o único documento serio foi o proposto pola CIG-PAS-F que non está completo, pero é negociable e da tempo.

Pregunta se a Escola Infantil do Campus de Vigo se vai levar a cabo, xa que leva moitos anos preguntando por ela.

Remata a súa intervención referindo que o 28 de xuño publicouse a resolución do concurso de traslado, entrando en vigor o 29. Amosa a súa desconformidade por como se realizou o traslado, xa que se moveu o

80% do persoal, asumindo postos e funcións que descoñecían, o que ocasionou moitos problemas que repercutiron na atención ao público. Lembra que a lei permite tres meses no proceso de incorporación. Supón que o feito de que estivesen as reclamacións nos xulgados faría que se quixera acelerar, pero bótase en falta un agradecemento ao PAS polo esforzo realizado nestes meses, no que se xestionaron convocatorias, axudas etc., e reitera o que xa expuxo no CG, que as protestas dos usuarios repercuten xerando unha mala imaxe para a institución. Solicita, polo tanto, un recoñecemento por este esforzo.

Responde, inicialmente, o reitor que no seu informe sempre se refire a totalidade dos traballadores da Universidade e destaca que, de xeito específico, fai mención de que o bo funcionamento da Universidade é posible pola dedicación e o compromiso do PAS, especialmente nos discursos máis externos, como na inauguración do curso. Pero recolle a proposta e solicita que conste en acta o seu recoñecemento e agradecemento ao PAS polo esforzo realizado ao longo deste proceso de adaptación, tanto o que fixeron ata este momento como o que seguen a facer. Reitera que o PAS conta, co seu agradecemento xenérico, pero en estas circunstancias faino constar de xeito específico.

Cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación para que responda ás cuestións formuladas. Ao profesor Reigosa o vicerreitor respóndelle o mesmo que no Consello do Goberno cando presentou a mesma consideración. O actual equipo de goberno está convencido de que actuar bordeando a correcta actuación na xestión, ou traspasar os límites sempre ten consecuencias. A percepción, que pode existir nalgúns persoas, de que sempre vai haber unha solución, mesmo por fóra do Plan de Financiación a través dun convenio etc. en realidade ten efectos obxectivos moi negativos. Porque o certo, di o vicerreitor, é que hai universidades no SUG que aínda non puideron presentar as contas do ano 2016, o que é moi significativo. Mentres que a UVigo foi sempre ao máximo que lle permitía a taxa de reposición, hai universidades que non puideron facelo e, de *motu proprio*, renunciaron a unha parte considerable desas prazas. Polo que aínda que puntualmente en algunhas ocasións, dea a aparencia de que se arranxan os desaxustes, a realidade é outra.

Lembra tamén que nas propias normas se recolle que se unha universidade presenta un remanente de tesouraría negativo o seu Consello Social está obrigado a reducir o orzamento do ano seguinte nunha cantidade equivalente. Polo que se o noso remanente de tesouraría fose negativo no 2017, podería acontecer que as liñas orzamentarias que se presentan neste Claustro e o orzamento que se elevará ao CG próximo, non se puidera executar porque o Consello social estaría obrigado a reformulalo. Insiste unha vez máis en que facer unha xestión sensata e razoable, para lograr un peche dos exercicios económicos en positivo ou cando menos cun saldo equilibrado, é o máis axeitado.

En relación á pregunta que formula, non pode dar moitos detalles, xa que tería que consultar os datos, pero lembra que se a nosa Universidade está no 60% de gasto de persoal respecto ao total orzamentado, outra universidade do SUG está pro enriba do 80% e outra no entorno do 68-70%. Son datos aproximados, que habería que comprobar, pero dan idea da orde de magnitude.

En canto a pregunta realizada por Paula Ribera, informa de que as infraestruturas máis custosas, como os laboratorios máis específicos, dotaranse no novo edificio do Campus da Auga, no que xa están previstos os espazos para estes laboratorios, e o resto dos equipamento irán ás aulas dos edificios actuais, no edificio Politécnico e no Pavillón no que está situado o Centro, xa que hai bastante dotación informática.

En relación á intervención do profesor Vallejo, indica que non pode dar o dato do gasto derivado de procesos contenciosos que ás veces se pon enriba da mesa para dar a imaxe de que temos unha situación conflictiva e estamos en demasiados litixios no contencioso. Para contabilizar ese gasto, hai que ter en conta que o servizo de Asesoría Xurídica asume o 98% do traballo que ten que ver con eses contenciosos, polo que é un gasto estrutural da Universidade asumido nas nóminas. Destaca que unha inmensa maioría dos recursos nos que a Universidade está involucrada teñen que ver con iniciativas de colectivos ou particulares que, lexitimamente, entenden que para defender os seus intereses teñen que acudir á vía contenciosa.

Responde á consideración inicial do Sr. Cebro indicando que nos ránkings hai unha primeira categoría de universidades transparentes, a seguinte é a de translúcidas e a última é a de universidades opacas. Estando

situada na parte superior das transparentes, no segundo posto, é posible mellorar só un pouco máis. En relación aos custos dos despidos declarados improcedentes nos xulgados do social, o vicerreitor repite que a Universidade cumpre sempre as sentenzas xudiciais e afrontaranse os custos que se deriven delas si se recoñecen dereitos das persoas que reclaman.

En relación coas cuestións concretas formuladas sobre os dereitos derivados do Capítulo I, contextualiza a súa intervención no Claustro indicando que os Estatutos esixen que se presente diante do Claustro un informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria. Explica que, aínda que se fai o esforzo de traer as grandes cifras do orzamento pechadas, agradece que as cuestións de detalle se trasladen ao CG, cando se debatan e aproben os orzamentos, xa que alí se presentará un documento co grao de detalle suficiente para tratalos.

O vicerreitor explica tamén que a frase introducida no texto que refire á incorporación dos representantes do PAS Funcionario á mesa de negociación da funcionarización do PAS laboral, fai referencia a que recentemente empezou a funcionar a mesa conxunta na que está a Xerencia, o PAS-L e o PAS-F, se non é así, corríxirase.

En canto á Escola infantil do Campus de Vigo, di que xa no primeiro orzamento presentado por este equipo de goberno se explicara que este proxecto quedaba aparcado sen data, porque se entendía que había outras cousas máis urxentes e continúa a considerarse así, polo que deberá ser o novo equipo reitoral o que valore dito proxecto.

Finaliza o vicerreitor facendo explícito o seu agradecemento a todo o persoal de Administración e Servizos que asumiu con dedicación, moito interese, moito esforzo e motivación un cambio de traballo tan importante que afectou a máis do 80% do cadro de persoal.

#### **4. Informe do presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2016.**

O reitor cede a palabra a D. Argimiro Rojo, presidente do Tribunal de Garantías, que comeza pregando e agradecendo o esforzo da audiencia e solicitando que, na medida do posible, non se fagan coincidir tantos informes na mesma sesión do Claustro, tendo en conta que o que vai expoñer fai referencia ao ano anterior, 2016.

O defensor universitario presenta o seu informe, cuxo texto íntegro se achega como anexo a esta acta (**Anexo II**), ademais de como unha obriga legal, como un exercicio de transparencia e unha rendición de contas diante da comunidade universitaria á que o Tribunal de Garantías se debe. Na súa intervención, o defensor universitario realiza un resumo dos datos que se plasman no informe axuntado coa convocatoria, xunto con diversas reflexións e recomendacións.

Destaca como feito relevante que se produciu un importante descenso no número de reclamacións de todos os colectivos da comunidade universitaria, o que supón unha boa noticia, sendo a maior parte dos expedientes tramitados do sector Estudantado como viña sendo habitual, concentrándose a meirande parte das queixas no Campus de Vigo, e na desagregación por xéneros, predominan as queixas dos estudantes masculinos.

A continuación dá conta das principais causas de reclamacións presentadas polos tres colectivos da nosa universidade, Estudantes, PDI e PAS. Fai especial fincapé na importancia de estar vixiantes e atallar os problemas de acoso escolar que, aínda moi limitados, pero son uns feitos en aumento noutros sectores do ámbito docente. Tamén refire algunhas das preocupacións expresadas polo PDI, como o incremento de burocracia e a sensación de sobrecarga que conduce a problemas de saúde pero tamén á unha aceleración continua na produción que debería ser controlada, xa que limita a capacidade de reflexión e profundidade de pensamento que se espera da universidade. No eido do persoal de servizos, sinala a repercusión que a nova RPT tivo nas condicións de traballo deste persoal e realiza unha reflexión en canto á dificultade de ter acadado acordos na súa negociación.

Pasa a resumir os distintos tipos de actuacións realizadas, tanto a nivel interno na propia Universidade como as levadas a cabo en representación da mesma. Agradece a boa recepción que en xeral teñen as recomendacións realizadas e expresa o seu especial agradecemento á colaboración da Secretaría Xeral que permite levar a cabo un seguimento dos expedientes.

Na parte final do seu discurso o Defensor Universitario expresa unha serie de solicitudes e propostas diante do Claustro, como a posibilidade de crear un premio á solidariedade que permita fomentar e poñer en valor iniciativas e actividades, das que destaca o programa de mentorización. Felicita á Universidade polos resultados acadados na valoración da transparencia, pero recomenda non caer na compracencia, e debe perseverarse no camiño da interiorización deste valor en todas as actividades. En relación coa reforma dos Estatutos, expresa o seu desexo de que se perfeccionen as normas e se melloren as garantías aos membros da comunidade, así como que se aborde a solución de algúns problemas endémicos que enumera.

Finaliza agradecendo a colaboración de todos os membros da comunidade universitaria e, de xeito específico e persoal, aos actuais membros do Tribunal de Garantías, así como a súa secretaria, Lola, agradecemento que estende ás persoas que ao longo dos 18 anos de funcionamento deste órgano teñen formado parte del, e traballando moi activa e desinteresadamente. E de xeito especial, manifesta o seu recoñecemento a Luis Espada Recarey.

Tras agradecer a intervención do defensor universitario o reitor abre unha rolda de intervencións.

O profesor Reigosa manifesta tamén o seu agradecemento polo informe presentado que reflicte unha serie realidades que haberá que afondar no futuro para mellorar o funcionamento da universidade e considerar seriamente as suxestións realizadas polo defensor para tomar as medidas oportunas.

A profesora Adela Sánchez realiza tres reflexións ao fío deste informe. En primeiro lugar, lamenta no que se ten convertido o Claustro. Lembra as verbas do reitor no que dicía que quería que este órgano fora dinámico, un marco de debate e de transmisión de información, pero o feito é que non se ten convocado dende hai un ano, e por iso hai unha acumulación de informes nesta sesión e quedan tan poucas persoas na sesión que poidan escoitar o informe do TG, que considera importantísimo. Súmase ás queixas manifestadas de aumento da burocracia, consecuencia de xestionar dende a desconfianza. Subliña que os logros obtidos pola universidade e que o reitor expuxo no seu informe débense ao esforzo do seu persoal, PDI PAS e estudantado, que deben loitar contra trabas da propia universidade e de entidades externas tamén. Quéixase da falta de calidade pola primacía que se establece na produtividade é a que está a afectar ao alumnado. En relación coa diminución do número de queixas tramitadas polo Tribunal de Garantías, manifesta o seu temor de que sexa consecuencia da necesidade de trasladar á vía xudicial as queixas que antes se resolvían dentro. Considera que a inacción do equipo de goberno e tamén do propio tribunal de garantías, causa este problema. Destaca a disposición a escoitar do TG, pero considera que non se plasma en solucións. De aí o incremento no número de recursos presentados no contencioso administrativo e mesmo na vía penal. Considera que os casos de acoso non se solucionan na universidade, polo que, insiste, teñen que levarse fóra.

Intervén o profesor Vallejo, quen se suma ao expresado pola profesora Adela Sánchez é a clarividencia da súa análise. Tamén felicita ao defensor universitario polo seu informe e a súa actuación que valora positivamente e considera que o seu traballo non é suficientemente comprendido e apoiado polo actual equipo de goberno. Destaca a importancia das cuestións cualitativas que presentou o defensor no seu informe e que botou de menos no informe do reitor. Recoñece que nestes informes é habitual o autobombo pero cando se queda nos aspectos cuantitativos se abordar os cualitativos, pode ser que se considere que o Claustro sirva para pouco. Reitera as súas felicitacións por abordar temas que non aparecen no informe do reitor como o xeito de valorar as convocatorias, de valorar a excelencia, así como a mención ao fracaso que supón que tras 16 anos a RPT non poida negociarse e teña que ser resolta nos tribunais. Considera que de estes temas hai que render contas no Claustro se, como di o defensor, se cre na calidade e na transparencia, principio reitor que non aprecia neste equipo de goberno.

O defensor universitario agradece sinceramente os eloxios e reitera que o que quere salientar é o traballo desinteresado e persistente dun equipo de persoas que, en representación dos tres colectivos, cumpriron nestes anos co deber de velar polos dereitos e liberdades e o deber de promover a calidade universitaria nun sentido integral.

Agradece novamente o reitor a intervención do Presidente do Tribunal de Garantías e dá paso ao seguinte punto da orde do día.

## **5. Elección dos seguintes representantes no Consello de Goberno:**

### **a. Sector Dec/Dir: 3**

O reitor dá conta da presentación das candidaturas:

- Luís Alonso Bacigalupe
- Arno Formella
- Gil Garrote Velasco

Dado que o número de candidaturas coincide co de postos a cubrir, non é preciso celebrar eleccións e noméanse representantes no Consello de Goberno.

## **6. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:**

### **a. Sector PDI-B: 1**

Indica o reitor que non se presentaron candidaturas, polo que permanece a vacante neste sector

## **7. Elección dos seguintes representantes na Comisión Electoral:**

### **a. Sector alumnado: 1**

Tampouco se presentaron candidaturas, permanecendo a vacante neste sector.

## **8. Elección dos seguintes representantes na Comisión de Plans Estratéxicos:**

### **a. Sector PDI-A: 1**

### **b. Sector Alumnado: 2**

Comunica o reitor que tampouco nese caso se teñen presentadas candidaturas, polo que seguen vacantes estas prazas na Comisión.

## **9. Rogos e preguntas.**

Ábrese unha rolda de intervencións. O reitor cédelle a palabra ao profesor Reigosa, quen manifesta, en primeiro lugar, a súa desconformidade co feito de que non se poda intervir no punto do informe do reitor para poder contrastar opinións, xa que considera ao Claustro non só como un órgano informativo, senón deliberativo. Roga que nas vindeiras reunións do Claustro se poda intervir en todos os puntos da orde do día.

Ao fío da creación da aula Confucio, fai unha reflexión en relación co que considera a intención de facelo todo solos, sen contar con axuda externa. E novamente reitera a necesidade de facer un esforzo para explicar á sociedade que todo o que se consegue dende a Universidade é grazas ao traballo do seu persoal, que cada vez ten máis carga de traballo e menos axuda externa.

Engade que o informe do reitor é correcto e conta con moita información, pero que cambiaba todo o informe porque se dixera que volvemos estar entre as 500 mellores universidades do ranking de Shangai. Entende que debería ser o colofón ao seu mandato. Considera que hai outros criterios máis alá dos

referidos nos rankings que son importantes: como a calidade da docencia, conseguir que os nosos egresados atopen traballo e a transferencia á sociedade do coñecemento xerado. Este ranking é un fito que engancha. Pregunta ata que punto nos estamos afastando dese obxectivo. Expón que a UVigo ten o potencial necesario, pero está escurecido pola falta de axuda e recoñecemento, o que ocasiona moito desánimo. Entende que a culpa de non ter cumprido ese obxectivo ten que ser compartida entre o equipo e a oposición, que non foi o suficientemente dura para que se entendera que había que reaccionar, ademais das restricións que impón o entorno, como os decretos Wert e Montoro e as limitacións da Xunta. Trátase de restricións que non se poden obviar, pero manifesta o seu desacordo coa filosofía de que se fai máis con menos, porque non nos chega, engade e insiste en que non se pode volver entrar no ranking se continúan os recortes. Considera que se debe facer un esforzo nos plans de estabilización e captación de talento, e así os veu apoiando, pero aínda non chega, así que débese facer un maior esforzo para chegar a maiores cotas de excelencia. Cree que as consecuencias do decreto Wert, tal como se aplicou na UVigo, foron maiores que noutras universidades. Di que ve desmotivación, desapego e falta de confianza dentro da comunidade universitaria, que están empezando a sentir como algo alleo. Solicita que se faga algo para incentivar e motivar ao persoal dunha UVigo de gran potencial e importancia para a sociedade, a cal nos dá soporte.

O profesor Reigosa pasa a falar da promoción do persoal, tema no que se teñen manifestado claros desacordos, preguntando se con criterios que non premian o esforzo individual, o mérito ou a capacidade individual, senón que se priman cuestións secundarias da área, se pode conseguir motivar ao persoal. Repite o expresado xa no Consello de Goberno acerca da necesidade de que existan unhas normas claras, sinxelas, consensuadas e mantidas no tempo; e de haber un cambio, que o sexa co máximo consenso, tanto co PDI como co PAS. Agradece o traballo e dedicación de todo o persoal que traballa para a UVigo e lamenta non poder ter un intercambio de opinións despois do informe do reitor.

Toma a palabra a profesora Adela Sánchez, quen tamén amosa o seu desacordo co réxime establecido das intervencións no Claustro, así como a duración das mesmas. Tendo en conta que pasou un ano dende a última reunión, entende que cinco minutos non son suficientes para todo o que algúns, como Xan Cebro, teñen que dicir. Pregunta por que non se pode intervir no informe do reitor e si se pode nos informes do vicerreitor de Economía e o do Tribunal de Garantías.

Solicita información sobre cantos contenciosos administrativos ten abertos a UVigo, cantos tivo abertos o último ano, canto diñeiro gastou, canto supuxo o pago das indemnizacións e a defensa deses contenciosos administrativos e querelas penais. A profesora considera que tendo en conta o estreitamente que se controla o traballo que fan o PDI, o PAS ou os grupos de investigación, cabería facer unha auditoría interna do traballo de determinados servizos desta Universidade, entre os que considera que poderían estar a Asesoría Xurídica ou a Xerencia.

O reitor cede a palabra ao representante do alumnado, o Sr Álvarez Moreira, para facer unhas preguntas que solicita se achegan á acta (**Anexo III**). Dá lectura ás mesmas, as cales xiran en torno á obrigatoriedade dun regulamento de avaliación, á obrigatoriedade da avaliación continua para grao, á obrigatoriedade de asistencia a clase etc.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao profesor Rafael Vallejo, quen lamenta que as cuestións de fondo teñan que ser formuladas neste apartado. Cualifica o informe do reitor de autobombo e cuantitativo, engade que furta aspectos fundamentais que deberían abordarse no mesmo punto.

O profesor Vallejo refírese á política de promoción do mérito, en concreto á convocatoria de cátedras do 2016, porque no informe do reitor se recolle a convocatoria de 54 prazas para este ano, aínda que non especifica o tipo, e di que esa convocatoria pode quedar anulada. Considera que o reitor lle furtou ao Claustro a explicación da situación da promoción a cátedras dese ano 2016. Entende que a promoción non se resolve pola vía legal ou se fai saltándose as obrigas da Universidade, e como consecuencia os afectados acoden aos tribunais. Explica que esa convocatoria de cátedra do 2016 está no tribunal e xa se realizou a vista. Solicita do reitor que explique cales foron os argumentos da UVigo na súa defensa ante os tribunais da convocatoria de cátedras, realizada no 2016, para contrarrestar a reclamación dos 12

afectados, e se os argumentos coinciden ou non cos que se levaron ao Consello de Goberno de 16 de decembro e ao Claustro do ano pasado, así como se coinciden cos criterios levados á comisión da COAP e a mesa de persoal. Quere que esta explicación se dea no Claustro de forma moi clara, porque se trata dun tema de gran transcendencia.

Lembra que que no Claustro de 12 de decembro de 2016, como recolle o DUVI, o vicerreitor de Economía dixo que a UVigo reclamaría a eliminación da taxa de reposición e as limitacións á promoción, para que as universidades que xestionan eficientemente os seus recursos poidan aplicar ese resultado no recoñecemento do mérito. Pouco despois, promoveuse a convocatoria de prazas de cátedra en 2016, que se fixo sen ter en conta a lista de promoción a cátedras aprobada e ratificada no Consello de Goberno en febreiro de 2013; acordo de Consello de Goberno que non se aplica. Nesa convocatoria cambiáronse os criterios aprobados no 2012 e como consecuencia, explica o profesor, os resultados mudaron. Pon como exemplo de consecuencia negativa o caso dun profesor da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, que conseguiu unha cátedra tendo 2 sexenios fronte a outro profesor da mesma Facultade que tiña 4 e case 5 anos dende que fora acreditado, o cal quedou fóra da lista da convocatoria aprobada no 2016, sendo primeiro no criterio de áreas e segundo no de méritos individuais no 2013. Manifesta a súa estima persoal e o seu respecto académico polo primeiro dos candidatos, do que di que é discípulo do vicerreitor de Economía, que foi director da súa tese de doutoramento, presidente do seu tribunal de titularidade e presidente da súa cátedra.

Pide o reitor ao profesor Vallejo que concrete os rogos e preguntas e evite os xuízos de valor e as acusacións veladas que está a formular.

O profesor Vallejo solicita a opinión do reitor ante casos como este, e pregunta se isto cumpre os requisitos de mérito e capacidade que inspiran a promoción da función pública segundo a Constitución Española e o EBEP. Así mesmo, pregunta se van manter os mesmos criterios para a convocatoria do 2017 e se van seguir sen aplicar os acordos de Consello de Goberno que aprobou a lista de candidatos e candidatas para a promoción a cátedras da convocatoria de 2012.

Por último, o profesor Vallejo fai o rogo, xa recollido polos compañeiros anteriores, de que se estableza un criterio estable e permanente, que non implique custes e que non implique un debate sobre que grado de arbitrariedade se vai permitir na promoción á función pública nesta Universidade. No caso de que non o faga este equipo, pide que se inclúa no programa do próximo reitor ou reitora.

O reitor responde ao profesor Reigosa que, de acordo coa redacción actual dos Estatutos, o informe do reitor é un informe de xestión e non un informe de debate, do estilo informe sobre o estado do goberno. E tamén lembra que a LOU reduciu a capacidade do Claustro e que, como membro da Comisión de Estatutos, sabe que no novo marco inténtase levar ao máximo a capacidade deste órgano. En relación coa solicitude de que se transmita á sociedade o mérito da Universidade, recalca que ese esforzo se está a facer e que nos últimos anos a UVigo está a incrementar o seu prestixio e aprecio entre a cidadanía, e non só na cidade, di que hai enquisas que así o avalan. Por iso, o reitor di que debemos sentirnos orgullosos do que somos, do que se fixo entre todos, polo que no seu informe destaca os fitos que permitiron a UVigo saír adiante grazas ao mérito de todos os membros da comunidade. E esa actitude de defensa do traballo interno se intensifica nos discursos ante outros foros, pero o informe de xestión ten un perfil máis romo.

Así mesmo, o reitor pon de manifesto que unha cousa é o mundo das sensacións e outro o das realidades. Por principio e por responsabilidade, o goberno da UVigo ten a obriga de facer unha boa xestión, independentemente de que se recoñeza ou non. Non se pode actuar coa esperanza de que ao final nos salven. Con todo, o reitor comparte a opinión de que se debe loitar porque se recoñeza, se visibilice e se premie o esforzo que fai a UVigo, e así se fai, apoiándose na autoridade moral que dá xestionar con responsabilidade. E nesa loita haberá que apoiar a calquera reitor ou reitora. Sobre o que se di de que noutras universidades non se notan os efectos, o reitor considera que as que non xestionan ben están intervidas pola facenda pública, aínda que se atenúe a súa mala xestión grazas a cuestións políticas, e iso



ten consecuencia maiores que as que sufrimos nós, xa que, destaca, a UVigo segue sendo dona das decisións que toma.

Respecto do ranking de Shangai explica que se debe recoñecer que tivemos mala sorte, porque no 2014 decidiron mudar os criterios, pasando a favorecer á antigüidade e o tamaño, se non fora así seguiríamos entre as 500 primeiras. Xa que é inevitable a existencia dos ranking, e independentemente do debate crítico que estableza a súa existencia, o reitor di que xa se comezou a traballar para recuperar o posto da UVigo dentro do ranking. Considera que a UVigo non está lonxe dese obxectivo e que a especialización, o programa de retención e captación de talento e as orientacións das agrupacións estratéxicas, así como as apostas institucionais que se están a facer, están moi ligados ao camiño que permitirá retornar a esa fronteira. Pon como exemplo que a especialización no campo da alimentación, en Ourense, onde se lle demostrou á Administración Autonómica que a UVigo é potente nese campo. O reitor comparte o discurso do profesor Reigosa, pero tamén quere explicar que si estamos ocupados e preocupados polo éxito que poda ter a UVigo, por iso temos que traballar en conxunto.

Á profesora Adela Sánchez dille que xa se lle remitira no seu momento a información relativa ao número de recursos, pero en canto á información económica solicitada, dille que se lle transmitirá a información, que a haberá que elaborar, xa que como indicou o vicerreitor unha parte é estrutural, pero insisten en que non hai problema en dar dita información.

Respecto ao que pregunta o profesor Vallejo, quere deixar claro que é un tema que está nos xulgados, que está visto e á espera de sentenza. Considera que non é un tema obxecto de debate nun Claustro e que nunca vai falar dun tema que estea nos xulgados, xa que o que se diga poderíase utilizar contra a institución. Respecto á acusación de arbitrariedade do profesor Vallejo, o reitor manifesta que na UVigo hai unha Asesoría Xurídica absolutamente independente, á que o goberno da Universidade solicita informes sobre o axuste á legalidade das actuacións que se van levar a cabo; e son os informes dos nosos funcionarios, nos que confío totalmente, di o reitor, os que guían a nosa actuación. Agora ben, se quen reclama non está de acordo con esa interpretación, acude á xustiza ordinaria, e será a xustiza a que decidirá. Continúa o reitor aclarando que outra cousa é o debate á hora de establecer os criterios e de propoñer un panel de indicadores, nos que interveñen o mérito e capacidade, antigüidade, necesidades das áreas etc.. Ese conxunto de variables se someten a discusión nunha mesa de negociación de PDI, e o acordo que se acade é o que elevamos ao Consello de Goberno.

En relación ao formulado polo señor Álvarez Moreira, respecto das consecuencias da avaliación continua, o reitor manifesta que non é un todo ou nada; que unha cousa é a adaptación ao espazo europeo de educación superior da avaliación continua e outra é a súa aplicación taxativa desta cuestión. O reitor di que a flexibilidade da aplicación e interpretación é un asunto ligado a *auctoritas* académica dos centros, que queda plasmado nas guías docentes. Finalmente, o reitor propón ao señor Álvarez Moreira que se vai continuar preguntando po este mesmo asunto, o traslade aos expertos en organización académica para aclaración de como se pode interpretar a norma. Recomenda, polo tanto, que fale coa vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

Ao non haber máis asuntos que tratar, levántase a sesión do Claustro Universitario ás 14:22 horas do día 13 de decembro de 2017, de todo o que eu como secretaria dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Salustiano Mato de la Iglesia

Gloria M<sup>a</sup> Pena Uris